

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 2 DE OUTUBRO DE 2023

1. **ASISTENCIA AO PLENO.** Referencia: **2023/00041080Y.**

Aprobación de actas das sesións anteriores.
Apróbanse as actas de sesión anteriores.

2. **LICENZAS DE OBRA.** Referencia: **2023/00015037E.**

Licenza de obras para o proxecto básico de construción vivenda familiar na finca sita en LG A Xesteira, 638B San Miguel dos Agros, Escarabuña.

Outórgase licenza para a construción de vivenda unifamiliar na finca sita en lugar A Xesteira Parcela 638-B. San Miguel dos Agros Escarabuña Santiago de Compostela (A Coruña) segundo o proxecto básico redactado polo arquitecto Jesús Pena Noya presentado o 21/03/2023 e a documentación presentada o 20 e 21/06/2023 e o 13/07/2023, cun orzamento de execución material de 103.445,00 euros.

3. **LICENZAS DE OBRA.** Referencia: **2023/00012333D.**

Licenza de obra para construción dun porche en vivenda existente e n LG Moas de Abaixo, 4C.

Outórgase licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 06/03/2023 e o Anexo visado o 12/06/2023 redactados polo arquitecto Antonio Sabucedo Costa e a documentación presentada o 18/08/2023, cun orzamento de execución material de 9.500,00 €, a construción dun porche en vivenda existente sito no lg Moas de Abaixo, 4C Figueiras Santiago de Compostela (A Coruña).

4. **LICENZAS DE OBRA.** Referencia: **LIC/905/2008.**

Incoar expediente de caducidade da licenza de obra para construción dun edificio na parcela R-5 Polígono 4 do Plan Parcial de Fontiñas e conceder prazo de audiencia de 15 días para presentar alegacións.

Acórdase:

PRIMEIRO: Incoar expediente de caducidade da licenza de obra concedida a B4 DE VIVENDAS SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA por acordo da Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Santiago na sesión do 26 de xullo de 2011 para construción dun edificio na parcela R-5 do Polígono 4 do Plan Parcial de Fontiñas (rúa Pamplona nº3 portal 1) xa que non foron iniciadas as obras autorizadas no prazo legalmente establecido.

SEGUNDO: Conceder a B4 DE VIVENDAS SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA un prazo de audiencia de 15 días previa á resolución de caducidade, para presentar alegacións e cantos documentos considere oportunos na súa defensa.

5. **LICENZAS DE OBRA.** Referencia: **2022/00045716T.**

Aceptar cesión de viario e licenza para a parcelación na finca sita no LG Corexo, 13 Marrozos

Acórdase:

Primeiro: aceptar a cesión de viario formalizada na escritura pública de data 20/04/2023 outorgada ante o notario don Hector Ramiro Pardo García co número de protocolo 273. Deberase presentar a escritura liquidada no prazo dun mes.

Segundo: conceder unha licenza para realizar, segundo os informes que constan no

expediente e conforme o documento redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Cándido Rodríguez Giraldez presentado o 28/09/2022 e documentación presentada o 10/05/2023 e o 03/07/2023, a parcelación da finca sita Lugar Corexo 13, Marrozos Santiago de Compostela (A Coruña) Parcela con Referencia Catastral 9425308NH3492E, en catro parcelas.

6. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00030349C.

Licenza para o proxecto básico Rehabilitación e ampliación vivenda tradicional en Marmancou, 6. |

Outórgase licenza para o proxecto básico de data de visado do 03/06/2022 e a documentación complementaria presentada o 21/08/2023 redactado polo arquitecto José Antonio Hernando Ezquerro cun orzamento de execución material de 139,000.00 €.

7. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00008550E.

Licenza para a construción de nave industrial sen uso específico na rúa País Vasco, 24. |

Outórgase licenza de obra nova para construción de nave industrial sen uso específico na RUA DO PAÍS VASCO, 24, Parcela H3c10e do Polígono da Sionlla, con referencia catastral 1207706NH4510E0000XP, segundo Proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Eugenio Torreira Pais co visado colexial de data 10/01/2023, cun orzamento de execución material de 51.900 €, baixo a dirección de obra do proxectista e dirección de execución do arquitecto técnico Carlos Uzal Cabanas.

8. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00005138Z.

Licenza para instalación de ascensor, reforma zonas comúns e rehabilitación cuberta en edificio sito na rúa Alexandre Bóveda, 17 |

Outórgase licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o reformado de proxecto básico e de execución elaborado polo arquitecto Jesus M. Carrillo Pena de data de visado do 26/06/2023, cun orzamento de execución material de 160.547,26 euros, a instalacion dun ascensor, reforma de zonas comúns e rehabilitación da cuberta dun edificio de vivendas sito na rúa de Alexandre Boveda 17 Santiago de Compostela (A Coruña).

9. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00059373H.

Licenza para instalación de ascensor en edificio de vivendas na rúa Celso Emilio Ferreiro, 1 |

Outórgase licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Andrés Novoa Castro de data de visado do 27/10/2022, cun orzamento de execución material de 81.830,08 €, a instalación dun ascensor nun edificio existente situado na rúa de Celso Emilio Ferreiro, 1 Santiago de Compostela (A Coruña).

10. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00056432K.

Aceptar cesión de viario e licenza para o proxecto básico para construción de vivenda familiar en Camiño dos Vilares |

Acórdase:

Primeiro.- Aceptar a cesión de viario formalizada na escritura pública de data 04/05/2023 outorgada ante o notario don José Manuel Amigo Vázquez co número de

protocolo 1274.

Deberase presentar a escritura liquidada nun prazo dun mes.

Segundo.- Conceder a licenza para o proxecto básico redactado polo arquitecto Eugenio Torreira Pais presentado o 16/12/2022 e a documentación complementaria presentada o 13/02/2023 e o 13/05/2023, cun orzamento de execución material de 120.700,00 €.

11. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00037153N.

Acondicionamento planta sótano para garaxes e trasteiros na rúa Ramón Cabanillas, 8.

Outórgase licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto José Antonio Hernando Ezquerra de data de visado do 12/05/2022 e documentación presentada o 27/02/2023, 28/04/2023, 21/06/2023 e o 05/09/202, cun orzamento de execución material de 80.075,00 euros, o acondicionamento de planta sótano para garaxes e trasteiros sito na rúa Ramón Cabanillas, 8 Santiago de Compostela (A Coruña) a edificio sito na Santiago de Compostela (A Coruña).

12. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00028484H.

Licenza obra maior para obras mantemento e reparación de fachada e restauración dos elementos escultóricos e ornamentais existentes na fachada leste do Pazo de Raxoi

Acórdase:


Primeiro.- Conceder ao Consorcio da cidade de Santiago licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto redactado polo arquitecto Xosé Allegue e pola conservadora-restauradora de Bens Culturais Eva Carballal Barbeito asinado na data 15/05/2023, a restauración dos elementos escultóricos e ornamentais existentes na fachada leste do Pazo de Raxoi en Santiago de Compostela (A Coruña), coas consideracións técnicas e cautelas da autorización da directora xeral de Patrimonio Cultural do 08/09/2023.

Segundo.- Conceder ao Consorcio da cidade de Santiago licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente, cun orzamento de execución material de 463.106,61 € e conforme o proxecto modificado con variación económica do proxecto básico e de execución de mellora da eficiencia enerxética da fachada leste do Pazo de Raxoi, asinado polo arquitecto Xosé Allegue da Oficina Técnica do Consorcio da cidade de Santiago na data 30/06/2023, obras de mantemento e reparación da fachada leste do Pazo de Raxoi situado na Praza do Obradoiro,1, Santiago de Compostela (A Coruña).

13. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00026129M.

Licenza obra maior para a reforma interior do colexio maior San Clemente sito na praza de Rodríguez Cadarso, 2

Outórgase licenza á USC para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data 19/04/2023 e a documentación complementaria de data 08/06/2023 (Memoria e Planos Modificados R01, R02, R03 e R04) redactados polas arquitectas Laura Fidalgo Soto e Carme García González, cun orzamento de execución material de 3.654.855,91 €, a reforma interior do colexio maior San Clemente sito na praza de Rodríguez Cadarso, 2 Santiago de Compostela (A Coruña).



14. LICENZAS DE OBRA. Referencia: **LIC/143/2009.**

Incoar expediente de caducidade de licenza de obra concedida para ampliación da edificación existente na rúa do Avío, 37 e conceder prazo de audiencia para presentar alegacións.

Acórdase:

PRIMEIRO: Incoar expediente de caducidade da licenza de obra concedida por acordo da Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Santiago na sesión do 26 de xaneiro de 2010 para ampliación en planta altura da edificación existente na rúa do Avío, 37 composta de soto para garaxe, semisoto para local libre, planta baixa para local comercial, planta primeira para locais libres, e planta segundo e baixo cuberta para dúas vivendas, xa que non foron rematadas as obras autorizadas no prazo legalmente establecido.

SEGUNDO: Conceder un prazo de audiencia de 15 días previa á resolución de caducidade, para presentar alegacións e cantos documentos considere oportunos na súa defensa.

15. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: **2023/00006525K.**

Licenza de obra nova para construción de edificación destinada a oficina e almacenamento, na RÚA DA COMUNIDADE VALENCIANA, 9

Acórdase conceder licenza de obra nova para construción de edificación destinada a oficina e almacenamento, na RÚA DA COMUNIDADE VALENCIANA 9, Parcela H1c08B do Polígono da Sionlla, con referencia catastral 1207712NH4510E0000EP, finca rexistral 58.305, segundo proxecto básico modificado redactado polo arquitecto Alfredo Varela Nogueira con data de rexistro de 28/03/2023, cun orzamento de execución material de 230.000 €.

16. ÁREA XI. MODERNIZACIÓN, INNOVACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL. Referencia: **2023/00040937R.**

Relación contable de facturas S/2023/224 expedidas por varias empresas, todas elas en concepto de servizos de copiadoras en diversas instalacións municipais

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de MIL CATROCENTOS NOVENTA E OITO EUROS CON DEZ CÉNTIMOS (1.498,10 €) que comeza pola factura número F/2023/2809 por importe de 25,40 euros e remata pola número F/2023/3794 por importe de 1,89 euros, en concepto de servizos de copiadoras en diversas instalacións municipais correspondentes ao período entre febreiro e xuño de 2023.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

17. XESTIÓN DE PERSOAL. Referencia: **2023/00040995J.**

Designación das persoas representantes da Corporación Municipal que formarán parte da Mesa Xeral de Negociación no ámbito do Concello de Santiago de Compostela

Acórdase designar as persoas que se indican de seguido como representantes da Corporación Municipal que formarán parte da Mesa Xeral de Negociación no ámbito do Concello de Santiago de Compostela:

Dona Goretti Sanmartín Rey, alcaldesa-presidenta

Dona María Rozas Pérez, primeira tenente de alcaldesa.

Dona Miriam Louzao Fernández, segundo tenente de alcaldesa.

Don Xesús Manuel Domínguez Domínguez, terceiro tenente de alcaldesa.
Dona Pilar Lueiro García, cuarta tenente de alcaldesa.
Don Manuel César Vila, concelleiro delegado de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local.
Don Iago Lestegas Tizón, concelleiro delegado de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica.
Don Xan Xesús Duro Fernández, concelleiro delegado de Mobilidade, Convivencia e Centros Socioculturais.

18. PROMOCIÓN ECONÓMICA. Referencia: **2023/00014536G.**

Proposta da Concellería de Dereitos e Servizos Sociais, Promoción Económica e Xuventude relativa á Aprobación do Convenio Unión de Cooperativas Espazo Coop do marco do programa Compostela Móvese 2023

Acórdase:

Primeiro. Aprobar o convenio de colaboración coa Unión de Cooperativas Espazo Coop. O gasto irá con cargo á partida orzamentaria 010 43300 4890004 por importe de 39.000,00 euros.

Segundo. Notificar esta resolución ás persoas interesadas.

19. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: **2023/00032054L.**

Convenio para canalizar subvención nominativa Mercado de Abastos de Santiago de Compostela

Acórdase aprobar o Convenio de colaboración para canalizar a subvención nominativa do Mercado de Abastos de Santiago, prevista no orzamento municipal, conforme ao artigo 22.2ª da Lei 38/2003, General de Subvenciones e a aprobación do gasto por importe de 10.000 euros con imputación á aplicación orzamentaria 010 43120 4790001.

20. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: **2023/00040834J.**

Bonificación canon 2023 Sogama

Acórdase:

Primeiro: establecer o importe previsto de aforro no custo do canon Sogama como consecuencia da bonificación en 394.025,90 euros.

Segundo: establecer a porcentaxe de minoración a aplicar sobre a débeda neta nun único bimestre aos usuarios das tarifas incluídas no apartado 5.1 da Ordenanza fiscal 3.16 en 34,58%.

Terceiro: aplicar a porcentaxe de minoración aprobada no 6º bimestre de 2023.

Cuarto: dar conta ao Pleno da corporación do acordo que se adopte, para a súa ratificación.

21. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: **2023/00041080Y.**

Declaración de ausencia de conflito de intereses no expediente de contratación "Obras de reforma da Praza de Abastos"

Declárase a ausencia de conflito.

22. CONTRATACIÓN. Referencia: **2023/00030021X.**

Adxudicación do contrato "Obras de Reforma da Praza de Abastos" a INSIDE THE TEAM SL por un 451.278,16 €, IVE engadido

Acórdase:

Primeiro: adxudicarlle o contrato que ten por obxecto as Obras de Reforma da Praza de Abastos a INSIDE THE TEAM, S.L, que presenta unha proposición económica de

451.278,16 € (base imponible de 372.957,16 € máis IVE do 21% de 78.321,00 €).
Designase como responsable do contrato a María del Carmen Liñares Mosquera, arquitecta técnica do Servizo de Obras e Proxectos.
Segundo: comprometer un gasto por importe de 451.278,16 € con cargo á aplicación orzamentaria 060 33600 6320001 (Código de proxecto: 2 RLTOU 46 1).

23. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00048653Q.

Resolución de adjudicación do contrato "Subministro en réxime de aluguer (sen opción a compra) de equipos multifunción e provisión de consumibles para todos os servizos administrativos do Concello de Santiago de Compostela." a RICOH ESPAÑA SLU

Acórdase:

Primeiro: excluír ás empresas SOLITIUM SL e a XEROX ESPAÑA SAU por incluír datos da oferta que debían ser avaliados mediante fórmula (arquivo núm. 3) na oferta técnica (arquivo núm. 4) e terse producido unha contaminación do arquivo electrónico que contén os criterios avaliados mediante xuízo de valor.

Segundo: adjudicarlle a RICOH ESPAÑA SLU, o contrato que ten por obxecto a subministración en réxime de aluguer (sen opción a compra) de equipos multifunción e provisión de consumibles para todos os servizos administrativos do Concello de Santiago de Compostela.

O importe da oferta realizada por RICOH ESPAÑA SLU é de:

- Aluguer de equipos: Prezo unitario de 54,66 €/unidade ao mes (unidades 97) (máis IVE 21%), no que se inclúen os custos do software de xestión durante toda a duración do contrato.

- Copia en branco e negro: Prezo unitario de 0,005 €/copia (máis IVE 21%).

- Copia en color: Prezo unitario de 0,06 €/copia (máis IVE 21%).

Importe contrato 4 ANOS- Inclúense as 48 unidades de Software de xestión:

Aluguer de equipos: 97 unid. x 54,66 €/unid./mes x 12 meses x 4 anos: 254.496,96 €.

Fotocopias branco e negro *Estimadas: 11.640.000 unid. x 0,005 €/unid.: 58.200,00 €.

Fotocopias cor *estimadas: 1.164.000 unid. x 0,06 €/unid.: 69.840,00 €.

Total sen IVE: 382.536,96 €

IVE 21% da cantidade anterior: 80.332,76 €

TOTAL C/ IVE 4 ANOS: 462.869,72 €

De acordo coa cláusula 19 do PCAP, désígnase como responsable do contrato ao Xefe do Servizo de Informática, Jesús Rodríguez Castro.

Terceiro: comprometer un gasto por importe de 462.869,72 € con cargo á aplicación orzamentaria 030 92001 2060000 INFORMÁTICA.ARREND DE EQUIPOS PARA PROCESOS DE INFORMACIÓN, para os 4 anos do contrato. Os créditos de exercicios futuros queda subordinado, ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, ao abeiro do establecido no artigo 174 do Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de maio, e no artigo 79 e seguintes do Decreto 500/90.

Anualidades: 86.788,07 € (2023), 115.717,43 € (2024), 115.717,43 € (2025), 115.717,43 € (2026), 28.929,36 € (2027). TOTAL: 462.869,72 €.

Dado que o prazo máximo de execución do contrato será de catro anos que se contarán a partir da data de recepción do equipamento, establecéndose un prazo máximo para a recepción dos equipamentos de 3 meses a partir da data da sinatura do contrato; unha vez sexan subministrados todos os equipos, iniciarase a contar o prazo de duración do contrato e farase o reaxuste de anualidades correspondente.

Cuarto: Autorizar a cancelación do aval en concepto de fianza definitiva, constituído con data 06/06/2023 por RICOH ESPAÑA SLU, por importe de 12.724,85 € para

responder do contrato de Subministro en réxime de aluguer (sen opción a compra) de equipos multifunción e provisión de consumibles para todos os servizos administrativos do Concello de Santiago de Compostela. CON2022000058 (EXPTE. 2023/23777E), ao ter depositado unha nova fianza definitiva por importe de 20.290,85 € (fianza complementaria de 7.566 + 12.724,85 primeira fianza).

Quinto.- Notificar este acordo a Tesourería Municipal ao obxecto de que procedan a cancelar o aval indicado por importe de 12.724,85 €.

Este acordo pon fin á vía administrativa, e poderá ser obxecto de recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGGAL), previo á interposición do recurso contencioso-administrativo, no prazo de 15 DÍAS HÁBILES contados a partir do día seguinte a aquel en que se publique este acordo na Plataforma de Contratación do Sector Público (PLACSP).

Así mesmo, poderá interpor calquera outro recurso que estime oportuno.

24. **CONTRATACIÓN.** Referencia: **2023/00033045K.**

Autorización da cancelación do aval (Seguro de Caución) en concepto de fianza definitiva, constituída pola empresa, ISS FACILITY SERVICES, S.A., *para responder do contrato de "Prestación dos servizos de ampliación da limpeza nos edificios e dependencias do Concello de Santiago de Compostela (CSC Romaño)", CON/15/2012"*

Acórdase autorizar a cancelación do aval (Seguro de Caución) en concepto de fianza definitiva por importe de 864,007 euros, constituída pola empresa, ISS FACILITY SERVICES, S.A., para responder do contrato de "Prestación dos servizos de ampliación da limpeza nos edificios e dependencias do Concello de Santiago de Compostela (CSC Romaño) CON/15/2012" .

25. **DEPORTES.** Referencia: **2023/00014515Y.**

Xustificación do convenio de colaboración asinado entre o Concello de Santiago e a Federación Gallega de Kárate y D.A. para o ano 2023. |

Acórdase

Primeiro: Aprobar a xustificación presentada pola FEDERACIÓN GALLEGA DE KARATE Y D.A. do convenio de colaboración asinado co Concello, ano 2023, sendo a cantidade a abonar de 5.000 €, imputándose dito gasto á aplicación orzamentaria 090 34100 4890016.

Segundo: Aprobar o recoñecemento da obriga a favor da FEDERACIÓN GALLEGA DE KARATE Y D.A. por importe de 5.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 090 34100 4890016.

26. **DEPORTES.** Referencia: **2023/00014494P.**

Tomar coñecemento da sinatura do convenio de colaboración co CLUB ARTEAL TENIS DE MESA, ano 2023. |

Acórdase tomar coñecemento da sinatura, o 28 de setembro de 2023, do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e o CLUB ARTEAL TENIS DE MESA, ano 2023.

27. **DEPORTES.** Referencia: **2023/00014502Q.**

Tomar coñecemento da sinatura do convenio de colaboración co CLUB ATLETISMO SANTIAGO, ano 2023. |

Acórdase tomar coñecemento da sinatura, o 28 de setembro de 2023, do convenio de

colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e o CLUB ATLETISMO SANTIAGO, ano 2023.

28. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: **2023/00030799Y.**

[Tomar coñecemento da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela de data 26/09/2023 pola contía de 5.000 €”]

Acórdase tomar coñecemento da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela de data 26/09/2023 pola contía de 5.000 € para o financiamento do Programa: “Captación, almacenamento e distribución de alimentos ás institucións asistenciais ou benéficas”.

29. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: **2023/00041080Y.**

[Tomar coñecemento das resolucións da Alcaldía e das Concellerías Delegadas.]
Tómase coñecemento das resolucións da Alcaldía e das Concellerías Delegadas.

URXENCIAS

1. CONTRATACIÓN. Referencia: **2023/00019487X.**

Nomeamento do comité de expertos para a valoración de ofertas no contrato do Espazo Apego.

Acórdase:

Primeiro: nomear como membros do Comité de expertos para a valoración dos criterios establecidos no prego de cláusulas administrativas particulares que rexe na contratación do Servizo de dinamización do Espazo Apego, e que a súa cuantificación depende dun xuízo de valor, as seguintes persoas:

- Román Otero Ferreiro, xurista especializado na Contratación Pública do Concello de Santiago de Compostela
- Rosa Moreiras Cuñarro, técnica de normalización lingüística do Concello de Ames.
- Concepción Cochón Rodríguez, técnica de normalización lingüística do Concello de Pontevedra

Segundo: Publicar este nomeamento no perfil do contratante da Plataforma de Contratación do Sector Público, en virtude do disposto no artigo 65.3 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Públicos.

2. OFICINA DE REHABILITACIÓN E VIVENDA. Referencia: **2022/00041127B.**

Aprobación inicial da subvención para rehabilitación da fase 8 do ARI de Vista Alegre.

Acórdase a aprobación inicial da subvención con cargo á aplicación orzamentaria 050 15220 7800000/2022 e ao proxecto de gasto 2018 2 VISAL 8 correspondente á FASE 8, concedendo a subvención solicitada e comprometendo o gasto (fase D) en favor de 21 persoas beneficiarias, por un importe total de 82.830,52 euros.

3. PROMOCIÓN ECONÓMICA. Referencia: **2023/00014527H.**

Aprobación dun convenio coa Cámara de Comercio para outorgarlle unha subvención nominativa de 75.000 euros.

Acórdase:

Primeiro. Aprobar o convenio de colaboración coa Cámara de Comercio de Santiago

de Compostela.

Segundo.- Aprobar o gasto correspondente para esta subvención nominativa por valor de 75.000,00 euros con cargo á partida orzamentaria 010 43300 4890002 dos orzamentos municipais de 2023.

Terceiro. Notificar esta resolución ás persoa interesadas.

4. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2023/00032933R.

Aprobación dun convenio de colaboración coa Axencia de Turismo de Galicia e con ABANCA polo que esas entidades achegan 40.000 e 10.000 euros, respectivamente, para financiar as Festas do Apóstolo 2023.

Acórdase aprobar o texto do convenio entre a Axencia Turismo de Galicia, Abanca Corporación Bancaria S.A. e o Concello de Santiago de Compostela para a colaboración nas festas do Apóstolo 2023 cun orzamento estimado de 52.888,00 €. Deste orzamento a Axencia Turismo de Galicia financiará actividades cunha achega de 40.000€. ABANCA colaborará cunha achega de 10.000€, en concepto de patrocinio.

5. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2023/00027303Y.

Tomar coñecemento da sinatura dun convenio coa Cruz Vermella polo que se lle outorgou unha subvención de 100.000 euros para o programa SEMUS SOCIAL.

Acórdase tomar coñecemento da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade Cruz Roja Española de data 29/09/2023 pola contía de 100.000 € para o financiamento do Programa: “SEMUS COMPOSTELA (Servizo Municipal de Urxencias Sociais)” con base na aplicación dunha parte da subvención concedida pola Deputación Provincial da Coruña no marco do programa POS+Adicional 1/2023 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2023.

6. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00040316R

Tomar coñecemento da sentenza ditada no PO 7296/2021, favorable ao Concello, pola que se desestima a reclamación de 720.479,42 euros en concepto maior valor duns terreos que se lle expropiaron para construír a estación intermodal.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da firmeza da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Planeamento e Xestión para o seu coñecemento.

7. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00040119B

Tomar coñecemento da sentenza ditada no PA 268/2023, desfavorable para o Concello, pola que se estima a reclamación de 483 euros, en concepto de responsabilidade patrimonial por danos a un vehículo.

Acórdase:


1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Secretaría para a súa execución.

8. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00040729T

Tomar coñecemento da sentenza ditada no PA 317/2022, favorable ao Concello, pola que se desestima a reclamación de responsabilidade patrimonial por danos a un vehículo, por importe de 4.242 euros, e que previamente fora desestimada polo Concello

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Secretaría para a súa execución.



CONCELLO DE
SANTIAGO

9. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: **2022/00043635N**

Tomar coñecemento do auto ditado no PA 179/2022, polo que se declara rematado ese procedemento ao satisfacerse en vía administrativa as pretensións da demandante (pago de xuros derivados da devolución da imposto da "plusvalía"-IIVTNU).

Acórdase:

1. Tomar coñecemento do auto.
2. Agardar pola súa firmeza.
3. Remitir á Sección de xestión tributaria para o seu coñecemento.